



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Modificación da base 5.2 da convocatoria do proceso selectivo de Enxeñeira/o Industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira

ANUNCIO:

MODIFICACION DA BASE 5.2 DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DE ENXEÑEIRA/O INDUSTRIAL.

Con data do 11 de Agosto de 2022 publícase no BOP número 152 da provincia de A Coruña, o anuncio da convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo.

Con data 25 de Xaneiro de 2023 publícase no BOP número 17, da provincia de A Coruña, a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os do proceso selectivo, así como a composición do tribunal cualificador e data de celebración do primeiro exercicio.

O día 27 de Xaneiro de 2023, prodúcese a renuncia de dous dos membros do tribunal por concurrir neles causa de abstención, dacordo con lo previsto no artigo 23.2 da lei 40/2015 de 1 de outubro do Réximen Xurídico do Sector Público.

No BOP número 28, da provincia de A Coruña, con data 9 de Febreiro de 2023 publícase a modificación parcial da composición do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.

O día 17 de febreiro de 2023, o tribunal cualificador propón a modificación da base 5.2 referida a composición del tribunal por entender que non se axusta a legalidade vixente.

O día 30 de Marzo de 2023, elabórase informe-proposta polo Xefe de Gabinete Técnico, sobre a modificación da base 5.2 do proceso selectivo de Enxeñeira/o Industrial.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada en data 3 de abril de 2023 adoptou, a proposta do Xefe de Gabinete Técnico, e coa conformidade da Concelleira de Persoal, o acordo de modificación da base 5.2 da convocatoria do proceso selectivo de Enxeñeira/o industrial, nos seguintes termos:

“-Presidente/a: persoal funcionario de carreira do grupo A1 de calquera AAPP (titular e suplente).

- Secretario/a: secretario xeral do Concello de Culleredo ou funcionario/a do Concello que lle substitúa (titular e suplente), con voz e voto.

- Vogais: 4 vogais funcionarios/as de carreira de calquera administración pública (titulares e suplentes).”

Publíquese para xeral coñecemento aos efectos oportunos.

Culleredo, a 19 de maio de 2023

A Concelleira de delegada de Seguridade Cidadá e Persoal

Marta María Figueroa Fuentes

PD. (Resolución do 13.07.2020 BOP núm 114 28.07.2020)